Nome da parroquia: Valongo (Santo André) **Código: 12**

Delimitación:

Situada no este do concello, a parroquia de Valongo limita ao norte coa parroquia de Santiago de Loureiro, ao leste co concello de A Lama, ao sur coa parroquia de Santa María de Aguasantas e ao oeste de novo coas parroquias de Aguasantas e Loureiro.

Estrutura territorial

Esta parroquia ten un tamaño pequeno e unha forma que se pode asimilar a un rectángulo en sentido nordeste a suroeste e coa esquina este biselada.

En canto á topografía, toda a parroquia está en pendente sendo moi poucas as zonas horizontais, estando marcada polo paso do río Calvelle, que atravesa a parroquia polo oeste de norte a sur, a redor do cal e dos seus afluentes se sitúan todos os núcleos rurais. A partires do río, o terreo comeza a subir de cota en todas direccións salvo cara o sur, continuando co curso do Calvelle, quedando os núcleos tradicionais pechados entre montes. Destaca unha serie de montes que alcanzan os 700 metros de altitude e que forman unha barreira paralela ao río, que parte do centro da parroquia e vai cara o nordeste ata pasar a Loureiro. O punto máis alto denta zona atopámolo no Outeiro de Camilo que chega aos 732 metros, o máis alto da parroquia. A partires destes montes o terreo baixa o leste ata o río Barbeira, límite co concello de A Lama. Na parte oeste da parroquia destaca como punto máis elevado o Chan do Ceo con 617 metros de altitude.

Os xa mencionados ríos Calvelle e Barbeira son os cursos de auga máis relevantes de Valongo. O primeiro nace ao pé do Outeiro de Camilo, vai cara o sur atravesando as parroquias de Valongo e Agausantas e únese ao río Verdugo no límite cos concellos de Pontecaldelas e A Lama. O segundo nace preto da Ermida de Santa Mariña en Monte Seixo, entre a parroquia de Caroi e o concello de A Lama, vai cara o sur actuando como límite municipal co concello de A Lama para confluír finalmente co río Verdugo.

Xerarquía dos asentamentos

A parroquia de Santo André de Valongo está composta por dez núcleos recoñecidos, asentados todos eles no suroeste da parroquia e comunicados principalmente por estradas da rede terciaria que comunican coa estrada PO-235.

Se nos fixamos no tamaño e o número de vivendas dos núcleos tradicionais podemos dicir que son maioría os lugares pequenos ou moi pequenos como é o caso dos núcleos de O Campo, A Casanova, A Cerdeiriña, Chielas, O Igrexario, As Penizas e A Regueira, sendo o máis pequeno o lugar de O Outeiro do Forno, formado soamente por tres vivendas tradicionais. Un pouco maior de tamaño é o lugar de Rañas, aínda que se pode considerar tamén de pequeno tamaño.

En canto á súa organización, podemos distinguir dous modelos: un primeiro que se asenta sobre un camiño que se adapta á topografía evitando as grandes pendentes e dá como resultado un núcleo alongado e, en xeral, pouco compacto, como son os lugares de O Campo, A Casanova, A Cerdeiriña, Chielas, As Penizas ou A Regueira, e un segundo modelo de forma circular ou similar e que

soe posuír un elemento central, que pode ser un espazo ou simplemente un cruzamento, sendo as máis das veces lugares compactos e cos límites claros. Seguen este modelo, aínda que algúns con matices, os lugares de Rañas, O Quinteiro, O Igrexario ou O Outeiro do Forno.

O parcelario da parroquia soe ser de pequeno ou medio tamaño e forma irregular, nos núcleos. Na periferia hai varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da división das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal.

Obsérvanse dúas formas de crecemento dos núcleos: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas.

Esta parroquia presenta un crecemento baixo en número de vivendas. A zona na que se construíu un maior número de vivendas modernas está situada nos lugares máis próximos á estrada PO-234. O lugar de O Igrexario aumentou o número de vivendas en sete, sendo o núcleo que máis medrou da parroquia. Outros núcleos preto da estrada que viron aumentado o número de vivendas son A Casanova, con cinco vivendas, Quinteiro, con catro máis, ou Chielas, con dúas vivendas construídas e unha en proceso.

A maior parte das vivendas novas construídas nesta parroquia non están ligadas ao desenvolvemento de actividades agro-gandeiras, senón que teñen unha función estrictamente residencial.

O parcelario en Santo André de Valongo soe ser de pequeno ou mediano tamaño e forma irregular, nos núcleos. Na periferia hai varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da división das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal.

Clasificación dos núcleos

Segundo a súa estrutura e morfoloxía, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, teñen a consideración de **núcleo rural histórico-tradicional** os lugares de O Campo, A Cerdeiriña, O Outeiro do Forno, As Penizas, Rañas e A Regueira. Nesta parroquia non hai lugares que teñan a consideración de **núcleo rural común**. Por último, teñen a consideración de **núcleo rural complexo** os lugares de A Casanova, Chielas, O Igrexario, O Quinteiro.

Tipoloxía dos edificios

Se falamos da edificación tradicional, dicir que son casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos:

- O primeiro, e probablemente máis antigo, ten pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos.
- O segundo tipo, e máis frecuente, ten planta rectangular, caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a

cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a propia vivenda.

Como arquitecturas singulares podemos citar o conxunto formado pola igrexa parroquial de Santo André, o enterramento – panteón, a reitoral, a fonte do libramento, o cruceiro e o peto de ánimas e fonte, todas no lugar de A Igrexa.

As vivendas de nova construcción varían en forma e tamaño, pero pódense asimilar a unha de planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.


SACOS (SANTA MARÍA)
SACOS (SAN XURXO)
CARBALLEDO
CORREDOIRA
VIASCON
CAROI
LOUREIRO
REBORDELO
TENORIO
VALONGO
BORELA
ALMOFREI
AGUASANTAS

07.07- FRADE (O)
07.10- PEREIRAL (O)
07.06- COSTA (A) (1)
07.06- COSTA (A) (2)
07.06- COSTA (A) (3)
07.08- IGREXARIO (O)
07.12- VILALÉN (A)
07.04- BRIXEL (O)
12.06- OUTEIRO DO FORNO (O)
12.04- CHIELAS (1)
12.04- CHIELAS (2)
01.01- AGUALTA
12.08- QUINTEIRO (O) (1)
12.09- RAÑAS
01.09- COTO (O)
01.12- FENTAL (O)
01.17- PEROSELO
12.02- CASANOVA (A) (1)
12.10- REGUEIRA (A) (2)
12.10- REGUEIRA (A) (1)
12.03- CERDEIRIÑA (A)
12.08- QUINTEIRO (O) (2)
12.07- PENIZAS (AS)
12.02- CASANOVA (A) (2)
01.05- CASAL (O)
01.15- MARTIÑO
12.05- IGREXARIO (O)
12.01- CAMPO (O)
01.20- TREBELLO (O)
01.18- REGUEIRO (O)
01.13- GODELA (A)

codificación

- vivenda tradicional
- alpendre tradicional
- equipamento
- hórreo moderno
- granxa
- vivenda moderna
- alpendre moderno
- hórreo tradicional
- outras construcións tradicionais
- nave industrial / terciario

oau oficina de arquitectura urbanismo y planificación

plan xeral de ordenación municipal

documento aprobación inicial

Concello de Cotobade

modelo de asentamento poboacional
Valongo (Santo André)

M-1.12(a)

marzo 2013

escala: 1/5.000



codificación

- vivenda tradicional
- vivenda moderna
- alpendre tradicional
- alpendre moderno
- equipamento
- hórreo tradicional
- hórreo moderno
- outras construcións tradicionais
- nave industrial / terciario
- granxa

tipificación do núcleo

- núcleo rural histórico-tradicional
- núcleo rural común
- límite do núcleo rural histórico-tradicional
- límite do núcleo rural común
- límite do núcleo rural complexo

elemts. catalogados

- patrimonio arquitectónico
- patrimonio arqueolóxico

dotacións e infraestruturas

- límite de parcela de equipamento
- límite de parcela de espazo libre ou zona verde
- límite da infraestrutura

codificación

- área de cautela de elem. do cat. arqueolóxico (GR II-3)
- área de respecto de elem. do cat. arquitectónico
- GA36032000 clave de correspondencia co cat. arqueolóxico
- P-00-00 clave de correspondencia co cat.arquitectónico
- SLE-SC000 pb-ex clave de correspondencia coas dotacións

oau oficina de arquitectura urbanismo y planificación

plan xeral de ordenación municipal

documento aprobación inicial

Concello de Cotobade

modelo de asentamento poboacional

Valongo (Santo André)

M-12(b)

marzo 2013

escala : 1/2.000

NÚCLEO	O CAMPO	NÚMERO	12.01	PARROQUIA	VALONGO (SANTO ANDRÉ)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL		C-3.23, C-3.28
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no centro da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou fortes e a orientación oeste.
	Poboación	13
	Tipo	Mononuclear pouco compacto.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-233.	
	Estado: Acceso estreito e co asfalto antigo, deteriorado e con fochas por tramos. Vías interiores estreitas con asfalto moi antigo. Tramos sen pavimentar.	
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada ao lado do rego produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é moi variable dende moderada a baixa, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e a de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño asentado ao longo dun camiño principal e un ramal que vai cara o leste e formado por unha agrupación compacta de vivendas tradicionais ao pé do camiño e varias vivendas dispersas no ramal e na estradas de acceso. A edificación e as construcións auxiliares, algunha con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños si conformando un lugar disperso e con límites difusos.
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. Hai tres vivendas modernas, todas elas con partes de pedra, que presentan características modernas que obrigan a non outorgarlles a consideración de tradicionais.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous ou tres claros apoiados sobre cepas, os frontais de pedra, os costais de pedra ou madeira e cuberta a dúas augas con lousas de pedra, colocados nos arredores da vivenda e, moitas veces, sobre o peche cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	15	12	3	-	30

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	non	si	si	si

	Ref.	Denominación	SUP: m^2
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES			
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM			

NÚCLEO	O CAMPO	NÚMERO	12.01	PARROQUIA	VALONGO (SANTO ANDRÉ)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Doce casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e relativamente separadas unhas das outras, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas elas un lugar identificable e acoutable de tamaño pequeno que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño principal e un ramal e que permanece case inalterado, unicamente aparecen tres vivendas modernas entre as tradicionais, polo que se define como **núcleo rural histórico-tradicional.**

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m^2)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	14	9	60,87	23.063,04	6,50

Fotografía aérea de O Campo.

NÚCLEO	A CASANOVA	NÚMERO	12.02	PARROQUIA	VALONGO (SANTO ANDRÉ)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	C-3.23

TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no suroeste da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e a orientación suroeste.
	Poboación	8
	Tipo	Mononuclear pouco compacto.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-233.	
	Estado: Acceso en xeral estreito e co asfalto nun estado bo. Vías interiores estreitas e co asfalto en bo estado , salvo en determinados puntos que aínda hai asfalto antigo.	
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular asimilable a un rectángulo, no núcleo. Na periferia hai dous tipos: de tamaño medio e formas irregulares ou estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é moderada ou baixa, coas construcións próximas aos camiños en xeral e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal soen ter un esquema bastante pechado, pola contra, as que carecen del e as nova construción soen ter unha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño asentado ao longo de dous camiños que se cruzan. A edificación e as construcións auxiliares, sitúanse á beira dos camiños e lixeiramente separadas entre si, dando como resultado un lugar pouco compacto, aínda que cos límites claros.
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas. . As vivendas novas sitúanse na marxe oriental e no sureste do núcleo
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. As vivendas novas varían en forma e tamaño, pero predominan as de planta case cadrada, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, os frontais de pedra e os costais de madeira ou pedra, cuberta a dúas augas de lousas de pedra e acceso á cámara normalmente por un frontal, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación, excepto nun caso, bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	11	5	6	-	24

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	non	si	si	si

	Ref.	Denominación	SUP: m^2
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES			
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM			

NÚCLEO	A CASANOVA	NÚMERO	12.02	PARROQUIA	VALONGO (SANTO ANDRÉ)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Cinco casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e próximas entre si, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas un lugar identificable e acoutable de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo de dous camiños que se cruzan, e que mantén parte da estrutura tradicional, unicamente aparecen dúas vivendas modernas entre as tradicionais, polo que o ámbito delimitado defínese como núcleo rural histórico-tradicional.
Delimítanse, por outra banda, dúas zonas de tamaño e características adecuadas para o crecemento do núcleo, unha na parte noroeste do lugar e que recolle unha vivenda nova e outra en construción, e outra cara o sueste e que inclúe dúas vivendas novas, e defínense estes ámbitos como núcleo rural común.
O lugar de A Casanova ten a consideración de **núcleo rural complexo**.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m^2)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	5	1	83,33	7.978,87	

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRC	Parcelas edificables NRC	Consolidación (%)	Superficie bruta NRC(m^2)	6,58
	4	2	66,67	8.746,66	



Fotografía aérea de A Casanova.

NÚCLEO	A CERDEIRIÑA	NÚMERO	12.03	PARROQUIA	VALONGO (SANTO ANDRÉ)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	C-3.23

TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no sur da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e a orientación noroeste.
	Poboación	4
	Tipo	Mononuclear bastante compacto.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa estrada PO-233 .	
	Estado: Accesos estreitos e co asfalto antigo. Vías interiores estreitas co asfalto bastante deteriorado e con fochas por zonas.	
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral, parcelas de tamaño pequeno e mediano e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: de tamaño medio e formas irregulares ou estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores A ocupación é media, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais teñen un esquema máis pechado ao redor do curral que a de nova construción, con unha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por unha agrupación de tres vivendas tradicionais asentado na marxe noroeste dun camiño. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e preto unhas das outras, dando lugar a un asentamento compacto.
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado, e outra que ocupa parcelas baleiras no núcleo con vivendas e construcións auxiliares novas. Neste lugar estase a construír unha vivenda nova.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Todas as vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. A vivenda en construción ten planta rectangular, baixo e un andar e cuberta dúas augas.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais e os costais de pedra, cuberta a dúas augas con tella e colocados nos arredores da vivenda nun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	4	3	1	-	12

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	non	si	si	si

	Ref:	Denominación:	SUP: m²
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES			
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM			

NÚCLEO	A CERDEIRIÑA	NÚMERO	12.03	PARROQUIA	VALONGO (SANTO ANDRÉ)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Tres casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e próximas entre si, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, e unha vivenda en cosntrución ao pé das tradicionais, conformando todas elas un lugar identificable e acoutable de tamaño pequeno que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño e que permanece case inalterado, polo que se define como **núcleo rural histórico-tradicional**.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m^2)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	4	1	80	4.563,39	8,77



Fotografía aérea de A Cerdeiriña.

NÚCLEO	CHIELAS	NÚMERO	12.04	PARROQUIA	VALONGO (SANTO ANDRÉ)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	C-3.23

TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no suroeste da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas, puntualmente fortes, e a orientación este.
	Poboación	18
	Tipo	Mononuclear disperso.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa estrada PO-233.	
	Estado: Acceso estreito e co asfalto antigo, pero nun estado aceptable. Vías interiores estreitas, aínda que con tramos amplos, co asfalto en parte en bo estado, en parte deteriorado e con fochas. Camiños sen pavimentar.	
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral, parcelas de tamaño mediano e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é baixa, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de tamaño pequeno organizado en torno a un camiño en pendente e formado por unha agrupación principal de catro vivendas, tres máis cara o norte moi separadas entre elas e ou rueiro formado por tres vivendas con medianiles nun camiño cara o leste. A edificación e as construcións auxiliares, sitúanse á beira dos camiños e separadas entre si, formando un núcleo de límites bastante difusos e moi disperso.
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas. En total hai tres vivendas novas.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor aparece o hórreo. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira, a cuberta con tella e situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra e os costais de madeira ou pedra, cuberta a dúas augas con tella e acceso á cámara normalmente por un frontal, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	14	11	3	-	35

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	non	si	si	si

	Ref.	Denominación	SUP: m²
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	SLV-ZV1201	Área recreativa Chielas	497,01
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM			

NÚCLEO	CHIELAS	NÚMERO	12.04	PARROQUIA	VALONGO (SANTO ANDRÉ)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Oito casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas un lugar identificable e acoutable de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo formado por dous asentamentos de cinco e tres vivendas, e que permanece case inalterado, polo que se delimitan dous ámbitos que as recollen e se definen como núcleo rural histórico-tradicional. Delimítanse, por outra banda, dúas zonas de tamaño e características adecuadas para o crecemento do núcleo, unha na parte central do lugar e que recolle tres vivendas novas e unha tradicional, e outra cara o norte e que inclúe dúas vivendas tradicionais situadas fóra da delimitación de núcleo histórico-tradicional, e defínense estes ámbitos como núcleo rural común.
O lugar de Chielas ten a consideración de **núcleo rural complexo.**

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m^2)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	8	3	72,73	10.268,25	

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRC	Parcelas edificables NRC	Consolidación (%)	Superficie bruta NRC(m^2)	3,62
	5	10	33,33	28.383,69	



Fotografía aérea de Chielas.

NÚCLEO	O IGREXARIO	NÚMERO	12.05	PARROQUIA	VALONGO (SANTO ANDRÉ)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	C-3.23, C-3.28

TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no sur da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas e a orientación oeste.
	Poboación	24
	Tipo	Mononuclear pouco compacto.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede secundaria que comunican coa PO-233.	
	Estado: Accesos estreitos e co asfalto en bo estado por unha banda e antigo por outra. Vías interiores estreitas e con asfalto en bo estado en xeral.	
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou mediano e forma irregular asimilable a un rectángulo, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: de tamaño medio e formas irregulares ou estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é baixa, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de tamaño pequeno formado por cinco vivendas tradicionais asentado ao pé dun camiño e do conxunto formado pola igrexa, a reitoral e o cemiterio parroquiais, no que a edificación e as construcións auxiliares se sitúan á beira dos camiños e separadas unhas das outras configurando un lugar con límites claros, pero pouco compacto.
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas. En total hai oito vivendas novas.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor aparecen alpendres, que poden compartir a cuberta coa vivenda, pozos e hórreos. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados ou abandono. As vivendas novas varían en forma e tamaño, pero predominan as de planta case cadrada, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra e os costais de madeira ou pedra, cuberta a dúas augas con tella e acceso á cámara normalmente por un frontal, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	15	6	9	-	42

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	non	si	si	si

	Ref.	Denominación	SUP: m²
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	SLE-SC1202	Casa da Vila	786,33
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM			

NÚCLEO	O IGREXARIO	NÚMERO	12.05	PARROQUIA	VALONGO (SANTO ANDRÉ)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Seis casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e relativamente separadas unhas das outras, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, e tres vivendas modernas e un local veciñal situados entre as tradicionais, conformando todas estas un lugar identificable e acoutable de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño, e que mantén a estrutura tradicional, polo que o ámbito delimitado se define como núcleo rural histórico-tradicional.
Delimítase, por outra banda, unha zona de tamaño e características adecuadas para o crecemento do núcleo e que recolle as seis vivendas modernas, situadas preto das tradicionais ou nos camiños de acceso ao lugar, e defínese este ámbito como núcleo rural común.
O lugar de O Igrexario ten a consideración de **núcleo rural complexo.**

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m^2)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	10	0	100	16.510,01	

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRC	Parcelas edificables NRC	Consolidación (%)	Superficie bruta NRC(m^2)	3,35
	6	10	37,50	28.253,05	

Fotografía aérea de O Igrexario.

NÚCLEO	O OUTEIRO DO FORNO	NÚMERO	12.06	PARROQUIA	VALONGO (SANTO ANDRÉ)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL		C-3.23
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no suroeste da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves, e a orientación sueste.
	Poboación	4
	Tipo	Mononuclear bastante compacto.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-233.	
	Estado: Acceso de tamaño pequeno, estreito e co asfalto antigo en relativamente bo estado. As vías interiores están formadas unicamente pola estrada de acceso e camiños sen pavimentar.	
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral, parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: de tamaño medio e formas irregulares ou estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é moderada, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas polas casas tradicionais teñen un esquema pechado ao redor do curral.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por tres vivendas tradicionais agrupadas preto do río Calvelle e organizado en torno a un camiño no que as vivendas e construcións auxiliares sitúanse á beira dos camiños e preto unhas das outras conformando un núcleo compacto e cos límites ben definidos.
	Núcleo recente	Non hai vivendas de nova construción neste lugar, sen embargo si aparecen alpendres novos e reformas ou ampliacións dos tradicionais.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente do país, de planta rectangular ou en "L caracterizada por ter un desenvolvemento vertical importante, de gran porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Todas as vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma con materiais máis modernos.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres, son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter tres tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra, e os costais de madeira ou pedra, cuberta a dúas augas con tella e acceso á cámara normalmente por un frontal, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e, case sempre, fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	3	3	-	-	17

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	non	si	si	si

	Ref.	Denominación	SUP: m^2
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES			
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM			

NÚCLEO	O OUTEIRO DO FORNO	NÚMERO	12.06	PARROQUIA	VALONGO (SANTO ANDRÉ)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Tres casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e próximas entre si, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas elas un lugar identificable e acoutable de tamaño pequeno que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño e que permanece case inalterado, polo que se define como **núcleo rural histórico-tradicional.**

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m^2)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	3	1	75	7.175,34	4,18

Fotografía aérea de O Outeiro do Forno.

NÚCLEO	AS PENIZAS	NÚMERO	12.07	PARROQUIA	VALONGO (SANTO ANDRÉ)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL		C-3.23
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no sur da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e a orientación oeste.
	Poboación	14
	Tipo	Mononuclear disperso.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-233.	
	Estado: Accesos estreitos co pavimento antigo por unha banda e por outra recente. As vías interiores son estreitas en xeral co asfalto moi deteriorado.	
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño pequeno ou mediano e forma irregular, no núcleo. Na periferia hai varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da división das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo moi pequeno formado por cinco vivendas tradicionais asentadas ao pé dun camiño que se adapta á topografía evitando as fortes pendentes. Vivendas e construcións auxiliares sitúanse á beira dos camiños e separadas unhas de outras conformando un núcleo alongado, cos límites claros, pero disperso.
	Núcleo recente	Non hai vivendas de nova construción neste lugar, sen embargo si aparecen alpendres novos e reformas ou ampliacións dos tradicionais.
